SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Xacobeo 2027

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025

Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCIÓNS:

1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Común"** entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

4.–Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

EXAME EN GALEGO

00177723332783412100122639196321114755257

00177723332783412100122639196321114755257

1. Atendendo ao establecido na Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, as Comunidades Autónomas exercen en materia de sanidade:

A) Soamente funcións executivas sen capacidade normativa

B) Competencias asumidas nos seus estatutos e as que o Estado lles transfiran

C) Competencia exclusiva en sanidade exterior

D) Unicamente xestión hospitalaria privada

2. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, os deputados do Parlamento de Galicia son elixidos por:

A) Designación do Presidente da Xunta

B) As Deputacións provinciais

C) O Congreso dos deputados

D) Sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto

3. Atendendo á Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, indique cal non é unha forma de acreditación da situación de violencia de xénero contemplada en dita lei:

A) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local

B) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar

C) Sentenza condenatoria na orde penal

D) Declaración xurada da vítima

4. O contido do artigo 43 da Constitución Española implica que:

A) A sanidade debe ser exclusivamente pública

B) A protección da saúde é responsabilidade exclusiva das Comunidades Autónomas

C) Os poderes públicos teñen deberes de organización e tutela

D) Trátase dun dereito absoluto

5. Segundo a Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, as anotacións subxectivas dos profesionais na historia clínica:

A) Deben entregarse sempre que o paciente o solicite

B) Poden excluirse do acceso

C) Carecen de valor legal

D) Deben eliminarse despois da alta

6. Atendendo ao establecido no artigo 76 do Estatuto Marco, o desempeño dun segundo posto de traballo público polo persoal estatutario:

A) Está suxeito ao réxime xeral de incompatibilidades

B) Está prohibido en todo caso

C) Depende exclusivamente da antigüidade

D) Está permitido sen ningún límite

00177723332783412100122639196321114755257

7. Atendendo á Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, o Consello Galego de Saúde é un órgano de:

A) Xestión económica

B) Participación comunitaria

C) Dirección asistencial

D) Control disciplinario

8. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a provisión dun posto de coordinador/a auxiliar de enfermaría en atención hospitalaria, realizarase:

A) Por libre designación e avaliación colexiada

B) Por concurso de méritos e avaliación colexiada

C) Só por avaliación colexiada

D) Só por concurso de méritos

9. Atendendo ao Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os requisitos esixidos para participar en procesos de selección de persoal fixo, deberán cumplirse:

A) No momento de realizar a inscrición

B) Ao rematar a fase de oposición

C) Na data de remate do prazo de presentación de instancias

D) Tras a toma de posesión como persoal estatutario fixo

10. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, un profesional estatutario que desempeñe funcións de xestión clínica en xalquera servizo de saúde, estará en situación de:

A) Promoción interna

B) Excedencia voluntaria

C) Excedencia por servicios no sector público

D) Servizo activo

Preguntas de reserva

11. Segundo o artigo 10 da Constitución Española, a dignidade da persoa:

A) É un principio reitor sen eficacia xurídica

B) É fundamento da orde política e da paz social

C) Só vincula aos poderes públicos

D) Depende do desenvolvemento lexislativo

12. Segundo a Lei 3/2001, o consentimento informado defínese como:

A) A autorización dada polos familiares do paciente

B) A conformidade unicamente verbal do paciente

C) A conformidade libre e voluntaria do paciente, tendo recibido a información adecuada

D) A aceptación implícita do tratamento

00177723332783412100122639196321114755257

00177723332783412100122639196321114755257

00177723332783412100122639196321114755257